




## Lecturas para 4º da ESO

Departamento de Lingua e  
Literatura galega

Curso 2010-11



### *Do outro lado do espello*

Jordi Sierra i Fabra

Jordi Sierra i Fabra, un dos autores máis li-dos da literatura xuvenil contemporánea o-frece un relato apaixonante sobre o descubri-mento da identidade sexual na adolescencia. Con naturalidade e sen tabús, a experiencia de Marisa ilustra sobre como aceptar e asu-mir a propia sexualidade para levar unha e-xistencia feliz.



### *As sete mortes*

Carlos Vila Sexto

Relato fascinante que combina crime, esoterismo e misterio para quedar atrapados ata a última páxi-na... polo inevitable. A un home especial que tra-balla para un traficante de droga cámbialle a vida cando chega xunto a el un vello e lle deixa unha mensaxe. Aquí comeza unha especial aventura pa-rra descifrar quen é, por que é inmortal e outra seri-e de incógnitas que se irán desvelando a medida que avanza o relato.




## *O neno do pixama a raias*

**John Boyne**

A pedimento do autor, non podemos contarche o miolo deste libro.

Porén, queremos avisarte de que lerás a historia dun neno de 9 anos, que se atopará cun aramado.

No mundo hai milleiros de aramados coma este. Agardamos que ti nunca te atopes con ningún e que, se o fas, teñas forzas para librarte del.




## *Peaxes*

**Santiago Lopo**

Desde a súa ventá ao mundo, un caixeiro de peaxe da autoestrada bota unha ollada ás fraccións de vidas que se cruzan con el acotío. Esas instantáneas compoñen unha colaxe que lle axuda a fuxir da soidade.

Desde a cabina, o narrador obsérvanos, temeroso de mergullarse na nosa rutina, mais contento de que rompamos a súa.



## *Un casoiro ben mal amañado*

**Bali Rai**

Manny, un adolescente punxabi de dezasete anos, débatese entre manter as relacións familiares e vivir a súa propia vida.

Unha historia de alienación e identidade escrita en primeira persoa, dun xeito cru e realista.




## *Menú de enganos*

**Manuel Núñez Singala**

Historias saborosas para darlle gusto ao noso padal. Contos de comer, para mastigar sen présas, para disfrutar e repetir.


Dieta de palabras absolutamente perfecta.



## *A cabeza de Medusa*

**Marilar Aleixandre**


Un conflito extraído da realidade, enfocado dende a psicoloxía adolescente que ten ante si un universo de interrogantes, dúbidas e adversidades que acontecen. A construción formal da narración ofrece unha intelixente estrutura e a narración complementábase coa introdución de elementos informativos, fundamentais para o desenvolvemento e os verdadeiros intereses da historia, que inciden na violación social que sucede á física, cun amplo retrato das diferentes presións ás que están sometidas as rapazas, obrigadas a mastigar o acontecido e a superar un complicado camiño de obstáculos, no seu contorno.



## *Cartas de amor*

**Fran Alonso**


As historias deste libro nacen a partir de cartas de amor. Pero non son cartas de amor convencionais. O amor ou o desamor son as desculpas que nos permiten coñecer as dramáticas circunstancias que rodean ás mulleres que as escriben. De feito, os verdadeiros protagonistas das cartas son a pobreza, a guerra, a inmigración, o franquismo, a violencia, a prostitución, a presión social, a integración...



## *Todo a cen*

**Jaureguizar**

Alex e maila súa moza Aintzane, filla de emigrantes galegos en Euskadi, viven mergullados na situación da mocidade radical vasca. Sobre un fondo de rock duro e violencia, comezan as complicacións para a xove parella: un despedimento, un atentado, o roubo dun coche, a fuxida. Primeiro a Galicia, á Mariña luguesa, onde se une á aventura Uxío; e logo, atropeladamente, desesperadamente, a fuxida continúa ata Lisboa...




## *Tristes armas*

**Marina Mayoral**

Esta é a historia dunha carta que nunca chegou ao seu destino. Tamén é a historia de dúas nenas, Harmonía e Rosa, exiliadas en Rusia, durante a Guerra Civil española.

Tristes armas presenta dende un punto de vista sinxelo e profundamente humano algúns episodios da Guerra Civil, desde o punto de vista dos que non combateron, pero que sufriron as súas terribles consecuencias.



## *Chamábase Luís*

**Marina Mayoral**

A historia que se conta nesta novela reflicte a vida dun drogadicto narrada desde os distintos puntos de vista das persoas que o rodean: a súa muller e filla; a súa nai e irmáns; a dona da casa onde traballa a súa nai e os seus fillos. Esta perspectiva múltiple permite entender a tormentosa relación no contorno do protagonista, a dificultade para vivir nese mundo e a senrazón da droga.



## *Anagnórise*

**Mª Victoria Moreno**


O protagonista principal de Anagnórise é Nicolau Arís, un rapaz con problemas, que un día decide deixar os estudos no Instituto e marcha a Madrid co propósito de encontrar a uns amigos que se dedican a negocios relacionados co tráfico da droga. A viaxe en autostop faina cunha muller intelixente, de nome celosamente oculto, que o recolle na estrada, e coa cal fala durante as horas que pasan xuntos dentro do coche.



## *O único que queda é o amor*

**Agustín Fernández Paz**


O amor en todas as súas variantes: desde o primeiro amor adolescente ata que se mantén máis alá da morte. As persoas sempre buscamos na nosa vida ese sentimento tan necesario como o aire que respiramos, quizais porque intuímos que, como escribe Orhan Pamuk en Neve, “na vida o único que queda é o amor”. E sempre, os libros como compañeiros da aventura de amar.



## *Turbo*

**Miguel Suárez Abel**

Na ría de Arousa desenvólvese a acción de Turbo, entre Vilanova e Cambados, con algunha viaxe do protagonista a Compostela. O mundo do contrabando, o tráfico de influencias na política galega e, sobre todo, unha patética historia de amor e frustracións entre un ex-cura e unha rapaza nova, son os elementos sobre os que se sostén a historia de Miguel Suárez Abel.



## *Améndoas e flores silvestres*

**David D. Vázquez**

Conta a historia de Roi, un rapaz (fillo dun ferreiro) nacido nun pequeno val onde remata o Reino de Galicia, que decide abandonar o seu fogar en busca do Santo Graal. Farao en compañía de Alba, unha moza decidida a romper co pasado, as ataduras das tradicións e o destino que para ela marcou o seu pai, o conde (que é tamén quen domina, desde a fortaleza, o val). Xuntos emprenderán unha intrigante viaxe na que descubrirán onde se esconde a verdadeira liberdade.




## *A lenda da lúa de Montealto*

**An Alfaya**

A lenda da lúa de Montealto é unha reflexión entre o mundo da lóxica e o mundo sobrenatural...

Ambientada nunha Galicia rural a comezos do século XX, a novela céntrase na natureza dun individuo que se altera para se converter nun ser máis próximo ao mundo animal porque ninguén é o que quere ser, senón tan só un monicreque con milleiros de fíos cruzados, se se mete polo medio a caprichosa lúa de Montealto.



## *Quen matou a Inmaculada de Silva?*

**Marina Mayoral**

Etelvina de Silva, orfa de nacemento, educada en Madrid dende moi nova polo seu tío Alberte, durante o curso escolar e o verán que pasou en Brétema, na casa das súas tres tías avoas, descobre a súa vocación literaria. Axudada pola súa curmá Catara e por Juancho, un compañeiro do instituto con ansias de artista do que se namora, acometerá unha investigación no seu pasado familiar...